

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

SOFÍA CASANOVA

(A Coruña 1861- Poznan, Polonia, 1958)
Poeta, xornalista, correspondente
de guerra, actriz, enfermeira,
escritora... todo isto e moito máis
foi Sofía Casanova na súa longa vida.
Unha muller que falaba oito linguas
e que a través das súas crónicas

para xornais como o ABC permitiunos saber das guerras mundiais
ou da Revolución Rusa, ademais de entrevistar personaxes
como Marie Curie ou Lev Trotski.

Sofía Casanova escribiu contos, novelas, máis de 1200 artigos
en diferentes xornais e revistas e unha obra de teatro, "La Madeja".
Foi membro da Real Academia Galega e candidata ao premio Nobel
de literatura.

Sabías que Sofía Casanova fixo traballos de tradución do polonés e o ruso para o castelán?

MULLERES GALEGAS

reflexiona

No camiño pola igualdade existe o concepto do **teito de cristal**, que pon de manifesto as dificultades que atopan as mulleres para acadar postos de dirección e coordinación.

Sabías que no ano 2020 o 75 % dos postos directivos no xornalismo foron ocupados por homes?

Repasa a ficha adicada a María Luz Morales, primeira muller en dirixir un xornal de tirada estatal, e investiga nas redes o nome de mulleres que dirixan xornais, programas e emisoras de radio, ou programas e cadeas de televisión.

E ti? Vas rachar ese teito? Claro que si!

Colorea esta
muller
e escribe
un pé para a imaxe

MULLERES GALEGAS

colorea



Sabías que Sofía Casanova foi correspondente na primeira e segunda guerras mundiais, así como na Revolución Rusa?

MULLERES GALEGAS

anota

As guerras son o peor xeito de resolución das disputas entre as persoas, pero grazas á prensa podemos ter información de como foron e coñecer o que aconteceu realmente.

A continuación, achegamos nomes de correspondentes de guerra en diferentes conflitos armados.

Atopa e anota información sobre cada unha delas:

Marie Colvin, Marta Gellhorn, Ángela Rodicio, Carmen de Burgos.

Neste encrucillado
aparecen agochados
diferentes termos
relacionados coa vida
de Sofía Casanova

MULLERES GALEGAS

encrucillado

Horizontais:

- 2 Traballou de ...
- 4 Foi candidata ao premio ...
- 7 Escribiu reportaxes para o xornal ...
- 9 Titulo da obra de teatro escrita por Sofía Casanova
- 11 Foi membro da Real ... Galega

Verticais:

- 1 Naceu na ...
- 2 Viviu en ...
- 9 Oficio de Sofía Casanova ...
- 7 Apelido dunha muller que foi premio Nobel por dúas ocasións e que coñeceu Sofía Casanova
- 11 Durante un breve período da súa vida traballou como ...

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1											
2											
3											
4											
5											
6											
7											
8											
9											
10											
11											

Sabías que Sofía Casanova
foi candidata
ao premio Nobel
de literatura
en diferentes edicións?

MULLERES GALEGAS

procura

A día de hoxe o camiño da igualdade nos premios Nobel
aínda queda lonxe: desde os seus inicios foron galardoados un total
de **870 homes**
e só **57 mulleres**.

Aínda queda moito por traballar para acadar o recoñecemento
da excelencia con independencia do xénero.

Unha historia curiosa destes premios relacionada con Sofia Casanova
é que entrevistou a Marie Curie, a única muller que gañou
por dúas veces o premio Nobel
e nai doutra premio Nobel, Irène Joliot-Curie.

Atopa información sobre estas mulleres galardoadas co premio Nobel

Marie Curie, Malala Yousafzai, Wangari Maathai, Rigoberta Menchú

Comprueba
as túas
actividades

MULLERES GALEGAS

soluciona

encrucillado

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1			P						E		
2		X	O	R	N	A	L	I	S	T	A
3			L						C		C
4		N	O	B	E	L			R		T
5			N				C		I		R
6	C		I				U		T		I
7	O		A	B	C		R		O		Z
8	R						I		R		
9	U			M	A	D	E	J	A		
10	Ñ										
11	A	C	A	D	E	M	I	A			

